

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM.394/2016

Procedida á convocatoria para a contratación da obra de Mellora da rede de saneamento na contorna da praza de Castela, incluída no Plan de Obras e Servizos 2016 da Deputación provincial, rematado o prazo de presentación de propostas e unha vez celebrada a Mesa de Contratación para a apertura do sobre A, Documentación Administrativa e Sobre C, Proposición económica; emitido o informe técnico solicitado pola Mesa en relación ás ditas propostas e celebrada nova Mesa de Contratación, na que se acordou, entre outros, requirir a varios licitadores a documentación esixida nos pregos por considerar que a súa oferta é anormal ou desproporcionada.

Visto que con data 21/09/16 (N.R.E. 1466 de mesma data) a empresa COPCISA SA presentou solicitude de revisión do cálculo das baixas anormais ou desproporcionadas, ao entender que hai un erro no seu cálculo.

Remitida a dita documentación ao técnico municipal e emitido informe con data 22 de setembro, é polo que, de conformidade coas facultades que me confire a lexislación vixente e ao abeiro do disposto no prego de cláusulas administrativas, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Convocar á Mesa de Contratación para o día 27 de setembro, martes, ás 10:00 horas, en sesión pública, aos efectos de dar conta do informe emitido, en relación á solicitude remitida pola empresa COPCISA SA.

SEGUNDO.- Dar traslado da presente resolución aos membros da Mesa de Contratación, así como facela pública no Perfil do Contratante do Concello de Corcubión (<http://www.corcubion.gal/gl/concello/perfil-do-contratante>) e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que se celebre.

Mándoo e asínoo en Corcubión a 22 de setembro de 2016

O Alcalde

A Secretaria

Manuel Insua Insua

Irene Suárez López